

Aviso sobre el Uso de cookies: Utilizamos cookies propias y de terceros para mejorar la experiencia del lector y ofrecer contenidos de interés. Si continúa navegando entendemos que usted acepta nuestra política de cookies. Ver nuestra Política de Privacidad y Cookies

Domingo, 12 de marzo de 2017 | Leída 13 veces

O Concello presenta ao Galp o proxecto do Centro Comunitario de Caión

Compartir 0 [Twitter](#) [G+](#)

No marco do programa de axudas para iniciativas de desenvolvemento sustentable das zonas de pesca. Solicitarase a colaboración da Deputación para a contratación de persoal de limpeza de praias e un técnico en turismo. Foi concedida a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar...

O Concello da Laracha deu conta aos membros da Xunta de Goberno Local -na súa última reunión ordinaria-, da recente presentación do proxecto de construción do Centro Comunitario de Caión ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) ao abeiro da súa convocatoria de axudas para o financiamento de iniciativas que impliquen o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, programa posto en marcha no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

A nova edificación proxectada polo Concello da Laracha acollería as novas instalacións da Confraría de Pescadores de Caión e contaría con exposicións, permanentes, locais, aulas multiusos e salón de actos, sendo por tanto unha infraestrutura necesaria na localidade costeira para poñer en valor a historia da vila relacionada co mar, potenciar o turismo e acoller o desenvolvemento de iniciativas, reunións e eventos de interese comunitario.

Ante o importante volume da actuación, o goberno local analizou as diferentes opcións para obter o financiamento preciso, considerando que o Centro Comunitario de Caión encaixaría á perfección nas estratexias de desenvolvemento local participativo impulsadas polo GALP.

Cabe lembrar que nos orzamentos xerais municipais do exercicio en curso está consignada unha partida económica de 100.000 euros para este proxecto. Ademais, a Consellería de Política Social achegará 200.000 euros en virtude do convenio existente para cooperar no financiamento desta ambiciosa actuación.

Por outra parte, acordouse solicitar a participación na convocatoria da Deputación da Coruña referida ao programa de limpeza de praias (B.O.P. nº 37 de data 22 de febreiro de 2017) para a próxima campaña de verán. O Concello da Laracha pretende percibir fondos coa finalidade de contratar o persoal durante os meses de xullo, agosto e setembro que se encargaría de manter en perfecto estado de limpeza a praia de Caión e a súa contorna.

Outro dos programas do ente provincial ao que pretende acollerse o Concello da Laracha é o referido á promoción do turismo (B.O.P. nº 32 de data 15 de febreiro de 2017), tendo por finalidade a contratación dun técnico nesta especialidade que estaría ao cargo da oficina de información turística municipal durante seis meses, incluíndo a época estival.

Salientar, por último, que foi concedida a licenza urbanística para a construción dunha vivenda unifamiliar.

Diseño Sola Villarodis - Arteixo
Avda. Alcaide M. Pato Varela, 100
T: 981 641 331

TRESILLOS SOFAS

COLCHONERIA Patoasaco - Laracha
Avda. Bergantiños, 34
T: 881 922 411

Diseño Sola
TRESILLOS SOFAS
COLCHONERIA

¡¡ Sigue con vida !!



¡Deje su comentario!

Email (No se publica)

Nombre

Comentario

Normas de Participación

Esta es la opinión de los lectores, no la nuestra.

Nos reservamos el derecho a eliminar los comentarios inapropiados.

La participación implica que ha leído y acepta las Normas de Participación y Política de Privacidad

[Normas de Participación](#)

[Política de Privacidad](#)

Introduzca el texto

Más contenido de El Noticiero de Arteixo:

[CULTURA](#) | [IMÁGENES DE ACTUALIDAD](#) | [HEMEROTECA](#) | [NOSOTROS](#) | [PUBLICIDAD](#) | [CONTACTO](#) | [SUSCRIPCIÓN](#)

[El Noticiero de Arteixo](#) • [Términos de uso](#) • [Política de Privacidad](#) • [Mapa del sitio](#)
© 2017 • Todos los derechos reservados

